

PRESENTACIÓN DA MATERIA - CURSO 2022/23

**I.E.S. GREGORIO
FERNÁNDEZ**

RECUPERACIÓN DAS MATEMÁTICAS DA E.S.O. DE CURSOS ANTERIORES

Procedementos e instrumentos de avaliación

Repartirase a materia en dúas partes e en cada unha delas entregaráselle ao alumnado un boletín de exercicios que será entregado ao profesor ou profesora na data prefixada. Posteriormente faráselle unha proba escrita baseada nos contidos da parte correspondente. De non entregar algún boletín na data prevista, o alumno perderá o dereito a facer os exames parciais e pasará a examinarse no exame final de maio. Tanto os boletíns como o exame poderán ser entregados ou realizados de forma telemática en caso de non ter docencia presencial nas datas fixadas.

O alumnado que non supere a materia pendente por partes (nota media das dúas partes redondeada maior ou igual que 5, tendo un mínimo de 3 en cada parte) terá que facer o exame final no mes de maio. O alumno que teña só unha parte suspensa repetirá só esa parte. Os demais casos farán o exame de toda a materia.

A nota final da materia pendente será a nota media das dúas partes, redondeada ó enteiro máis próximo.

Se o alumno/a supera a materia do curso actual, considerarase superada a materia do curso anterior.

Contidos

	1ª PARTE	2ª PARTE
PENDENTES 1º ESO	Números naturais. Divisibilidade. Números enteiros. Números decimais. Fraccións.	Proporcionalidade e porcentaxes. Álgebra Xeometría Funcións
PENDENTES 2º ESO	Divisibilidade e números enteiros. Sistema decimal de numeración. As fraccións. Proporcionalidade e porcentaxes.	Álgebra. Ecuacións e sistemas de ecuacións. Xeometría no plano

Plan de traballo

As datas de entrega, recollida de exercicios, exames parciais e exame final son:

DATAS	Entrega exercicios o profesor	Entrega exercicios o alumno	Exame
1ª PARTE	Luns, 9 Outubro	Luns, 27 Novembro	Luns, 15 Xaneiro
2ª PARTE	Luns, 19 Febreiro	Luns, 8 Abril	Luns, 22 Abril
EXAME FINAL:		Luns, 13 Maio	

Sarria, a 18 de setembro de 2023
O/A profesor/a

Asdo: